

## A Relación entre C e T e a sintaxe histórica dos Infinitivos Flexionados

**1.Introducción.** Neste traballo estúdase a sintaxe diacrónica e sincrónica dos Infinitivos Conxugados (=ICs) en galego, portugués e sardo logudorés desde a perspectiva da relación entre as cabezas funcionais C e T. En particular, establecemos unha conexión entre esta relación e certas propiedades distribucionais externas (+/- selección do IC por *uerba uolendi*) e internas (+/- posibilidade de suxeitos preverbais), como exemplificamos en (1) vs. (2):

(1) Cheljo (\*tue)a (\*tue) bénneres (tue) [sardo logudorés]

(2) Lamento/\*quero (o João) dizer isso (o João) [portugués]

No decurso do noso estudo combinaremos as hipóteses básicas do cuadro conceptual dos Principios e Parámetros con unha aproximación á mudanza sintáctica moi próxima ao traballo de [1] sobre o desenvolvemento do orden VO en xermánico, tentando situar o decurso histórico dos feitos nun cuadro plausible desde o punto de vista da *language acquisition*.

**2.A proposta de comunicación** artículase nos seguintes puntos básicos:

**0)** Asumimos a orixe do IC nestas linguas no **imperfecto de subxuntivo latino** (vid.[2] para unha historia da cuestión) Esta reanálise foi o elemento ou *causa material* que permitiu o xurdimento destes ICs., e debemos ter en conta que a existencia de outras categorías non finitas con flexión personal (p.ex., galego ‘*vindomos*’ xerundio flexionado ) non é proba da tese do desenvolvemento espontáneo, porque isto só acontece en linguas que tamén teñen ICs

**1)** a manifestación dobre dos **trazos de Modo en C e T que vemos nas completivas de *ut* + subxuntivo latinas resultou imposible no momento en que xurdiu no dominio Románico o licenciamento posicional dos argumentos, en concreto os suxeitos preverbais no especificador de T, con propiedades de suxeitos-A** (vid. [3], etc). Esta foi a *causa eficiente* da reestruturación do sistema de complementación, incluíndo os ICs. Cando existe dobrado morfolóxico dos trazos de Modo, é posible encontrarmos suxeitos, ou outro tipo de elementos frasais, entre a cabeza C e o complexo formado polo V e a súa flexión finita, mas isto acontece porque estamos ante casos de ‘*CP-splitting*’, como argumenta [4] para o salentino antigo, que se confronta co salentino moderno que existe adxacencia entre o C marcado para Modo e o V que leva flexión defectiva

**2)** A posibilidade de **elisión do complementador *ut* en estruturas completivas do tipo *placuit nobis (ut) faceremus*, e moi particularmente, en estruturas coordenadas do tipo de (3), xa na *Peregrinatio Egheriae*, s. IV, foi crucial no desenvolvemento dos ‘IC arcaicos’ do galego-portugués, que vemos en (4), e foron estudados por [5], etc.: nos defendemos que deben ser analizados como casos de ‘*conjunction reduction*’, do tipo argumentado para o inxuntivo védico en [6], etc., pero en calquera caso, constituíron a *causa formal* que permitiu o desenvolvemento da nova categoría, toda vez que, como salientou [7], a falta de complementador privou aos *learners* do indicio fundamental para postular a existencia dun trazo de Modo :**

(3) Ita que ergo PLACUIT UT, uisis omnibus quae desiderabamus, descendentes a monte Dei ubi est robus ueniremus, ET inde totum per mediam uallem ipsam, qua iacet in longo, REDIREMUS (= *e que voltásemos/e voltarmos*) ad iter cum hominibus Dei [Per. Eg. Cap.2]

(4) Vendedores de pão e de vino ño peytẽ nulla rẽ... E AS MISURAS SEERẽ ESTABEZUDAS [galego: Foro do Burgo de Caldelas, ca. 1250, l. 23-24 ed. [8]]

**3)** Para o **logudorés**, asumimos que a frecuencia da elisión de *ut* debeu ficar por debaixo do umbral que permitía un *resetting* do parámetro de [- Tempo, Modo], [+ Concordancia] que deu lugar aos ICs do galego-portugués. ***Na illa de Sardeña, a causa formal, ou patrón formal básico para a extensión analóxica da nova estrutura, foi dado pola existencia de estruturas de***

**Preposicion (= ad/pro)+ Infinitivo en latin vulgar, onde substituíron aos antigos xerundio e xerundivo: estas cláusulas adxuntas con valor final marcaban Modo só na cabeza C** (asumindo que a P ficaba dentro da estrutura clausal), e foron a base do IC do sardo, posíbel como complemento de Vs volitivos como vimos en (1). O IC tiña entón unha marca abstracta de Modo, mas esta era morfolóxicamente invisíbel, e requeria adxacencia entre a P en C e o V, como no caso do salentino mencionado en **1**), etc. Entón, o tipo *pro/ad facere* foi estendido ao antigo imperfecto de subxuntivo como *pro/ad faceremus*: a P *pro* especializouse para s cláusulas finais, e *a* gramaticalizou como marca de Modo en C. Porén, os xerundi(v)os clásicos non admitían suxeito léxico, e a posibilidade deste suxeitos debe ser explicada polo **efecto coadxuvante da reanálise das secuencias INF+ suxeito pronominal**, como fixo [9] para os INF con suxeito lexico en español. Se isto é así, podemos ter unha explicación para o problema que plantexa o dialecto sardo meridional: o **campidanés** ten un infinitivo con suxeito léxico cunha distribución moi similar á do IC do logudorés, como vemos en (5), pero non conservou o imperfecto de subxuntivo latino na súa flexión verbal finita, que presenta un imperfecto derivado do pluscuamperfecto subxuntivo latino.

(5) Bollu a benni tui [sardo campidanés]

**4)** Voltando ao galego e ao portugués, unha vez que xurdiron os IC arcaicos, con suxeito opcionalmente preverbal, os falantes tiñan acceso a un tipo de dados primarios que lles permitiu facer a hipótese de que nos casos de P+ INF (*ad facere*) e nos novos P+IC (*ad facere*) era posíbel ter un suxeito preverbal: ***isto só era posíbel se o INF, conxugado ou non, carecia completamente de trazos de Modo, e este foi o camiño do desenvolvemento posterior do IC en galego e portugués***, primeiro estendido a Ps sen valor modal/final, despois como complemento de Vs epistémicos e declarativos, e finalmente como complemento de Vs factivos e causativos, estadio ao que non chegou o galego. Os suxeitos preverbais non son posibles como complementos de epistémicos e declarativos: asumiremos que sincrónicamente os ICs licencian un suxeito léxico preverbal cando existe un elemento P ou D en C ( p.ex. cláusula final *para eles falaren*, ou cláusula suxeito (*o*) *eles falaren foi desastroso*). No caso dos V epistémicos, etc, asumimos que C é lexicamente realizado pola cabeza V que se move a esta posición (o mecanismo de *AUX-to-COMP*), e isto exclúe os suxeitos preverbais.

**5) Finalmente, o cuadro evolutivo do ut latino pódese comparar co de outros complementadores subxuntivos fora da Romania:** se *ut* antes da súa desaparición estendeuse a cláusulas infinitivas, como en (6) e isto posibilitou que *pro/ad* ampliasen o seu radio ás cláusulas orixinalmente finitas, nunha proporción analóxica de dirección contraposta (*uolui ut faceremus/ uolui (ut) facere= pro facere/X, X= pro faceremus*)

(6) Uolui, iubente Deo, UT et ad Mesopotamiam Syriae ACCEDERE [Per. Egh., 17,1]

unha evolución paralela, aínda que en sentido contrario é visíbel no caso do **ruso čtoby**, que foi o resultado da cliticización do antigo auxiliar optativo *by*, asociado ao participio pasado, ao complementador non marcado *čto*, e que se estendeu despois ás cláusulas infinitivas con valor final nos casos en que o seu suxeito era diferente do da oración principal

#### REFERENCIAS

- [1] Kiparsky(1996): The Shift to Head Initial VP in Germanic. In Thráinsson, H. Et al, eds. Studies in Comparative Germanic Grammar. Dordrecht Kluwer. [2] Scida (2004): The Inflected Infinitive in Romance languages. Routledge, London. [3] Sheehan(2007): The EPP and Null Subjects in Romance. Ph.D. Newcastle U. [4] Ledgeway(2012): The fall and Rise of the Romance Subjunctive. Talk given at DIGS 14, Lisboa. [5] Maia(1996): História do Galego-Portugués. Coimbra INIC. [6] Kiparsky(1968): Tense and Mood in IE Syntax. FL 4-1 [7] Pires(2006): The Minimalist Syntax of Defective Domains. Amsterdam, John Benjamins. [8] H. Monteagudo(2008): Letras Primeiras. Fundación Barrié de La Maza, A Coruña. [9] Sitaridou(2009): On the Emergence of Personal Infinitives. Diachronica 26,2 .

